

# CONCELLO DE PORTO DO SON

Porto do Son, 15 de Novembro de 2015

Rúa Atalaia s/n.15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tlfo: 981. 867.412  
Fax: 981.76.73.58

---

## MANIFESTO DO CONCELLO DE PORTO DO SON ANTE OS ATENTADOS DE PARÍS

### **“Non poderán coa liberdade”**

Horrorizados polos terribles atentados de París, que condenamos con absoluta e tallante rotundidade, e abrazados estreitamente ás familias dos falecidos e os feridos e a todos os parisienses nestes momentos tan duros, queremos manifestar, como representantes dos veciños de Porto do Son, que quen despreza a liberdade, a convivencia e a vida, nunca xamais poderán dobregarnos.

Non poderán coa liberdade, non poderán coa democracia, non poderán co estado de dereito, non poderán coa convivencia. Son os nosos principios, as nosas regras do xogo, a nosa única maneira de entender a vida, e entre todos, unidos, defenderémolo día a día a base de democracia. E a quen a ataca, e por tanto atácanos, dicímoslles, firmes e unidos, que a base de democracia e liberdade farémoslles fronte e gañarémoslles.

Hoxe, xuntos, ás portas de todos os concellos de España, dicimos ben alto

### **TODOS SOMOS PARÍS**